

Resolución núm. 2021/7876

## RESOLUCIÓN

*Nomeamento de membros da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense durante o mandato 2019-2023.*

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno é un órgano de existencia necesaria en todas as deputacións provinciais.

Ao respecto, o artigo 35.1 da dita lei especifica que a Xunta de Goberno se integra pola Presidencia e un número de deputados e deputadas que non exceda dun terzo do número legal de membros da Corporación.

Dado que o número legal de membros da Deputación Provincial de Ourense é de vinte e cinco, a Xunta de Goberno estará integrada pola Presidencia e un máximo de oito deputados ou deputadas.

A designación dos membros da Xunta de Goberno correspóndelle á Presidencia, efectuando a dita designación libremente e dando conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Ao comezo do presente mandato, e mediante resolución núm. 2019/3750 de data 28.06.2019, esta Presidencia decretou o nomeamento dos deputados e deputadas que formarían a xunta de goberno.

Dita composición foi obxecto de modificacións polas resolucións da Presidencia con número 2020/11925 e 2020/13861.

Polo exposto, **DISPÓÑO:**

1º. Nomear como membro da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Armando Ojea Bouzo.

2º. A xunta de goberno provincial queda integrada polos seguintes deputados e deputadas provinciais:

- Don Rosendo Luís Fernández Fernández
- Don Jorge Pumar Tesouro
- Don Plácido Álvarez Dobaño
- Dona Ana María Villarino Pardo
- Dona Luz Doporto Real
- Don Pablo Pérez Pérez
- Don César Manuel Fernández Gil
- Don Armando Ojea Bouzo



DEPUTACIÓN  
OURENSE

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal aos interesados, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por JOSE  
MANUEL BALTAR BLANCO  
Presidente da Deputación de Ourense  
06/09/2021 - 11:29:47

Asinado electrónicamente por  
JUAN MARQUINA FUENTES  
O Secretario Xeral  
06/09/2021 - 12:47:39